



## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
correo@concellodabana.gal  
www.concellodabana.gal

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.

José Antonio Pereira Gil, alcalde do Concello da Baña, a data da sinatura dixital, en presenza da secretaria – interventora de dito concello, emito o seguinte decreto:

### **ASUNTO: BASES REGULADORAS DO PROCESO DE ADMISIÓN DO SERVIZO DE CONCILIACIÓN A BAÑA MADRUGA PARA O CURSO 2025/2026.**

**Expte. TEDEC: 2025/G003/000651 (Decreto)**

**Expte. TEDEC: 2025/S012/000004 (Convocatoria)**

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento a que se refire este decreto en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Visto que dende o Concello da Baña se detecta a necesidade de dotar ó conxunto da veciñanza dun servizo de madrugadores no CPI de San Vicente da Baña para o curso 2025/2026.

Visto que a tales efectos se redactan as bases reguladoras do proceso de admisión do servizo de conciliación A Baña Madruga para o curso 2025/2026, sendo as que se anexan ó presente decreto.

Vista a ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación do servizo “A Baña Madruga” publicada no Boletín oficial da Coruña o 17 de decembro do 2019 e que poden ser consultadas na seguinte ligazón: <https://sede.dacoruna.gal/subtel/ordenanzas/ordenanza/12989>

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e na aplicación do art.10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público. Resolvo:

**Primeiro:** Aprobar as bases reguladoras do proceso de admisión do servizo de conciliación A Baña Madruga para o curso 2025/2026 que se conteñen como anexo I ó presente Decreto.

**Segundo:** Aprobar a convocatoria das prazas e funcionamento do Programa A Baña Madruga para o curso 2025/2026. As persoas interesadas poderán presentar ante o Concello da Baña, nos lugares e medios indicados nas bases, as súas solicitudes dende o día seguinte ó da publicación do presente decreto.

**Terceiro:** Acordar que o Concello da Baña se reserva o dereito a realizar aquelas modificacións que se consideren oportunas no ámbito das bases e convocatoria ás que se refire o presente decreto, sempre que favorezan o interese xeral e non comporte discriminación ou trato desfavorable para ningún.

**Cuarto:** Dar traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación, así como a notificación ós terceiros interesados no expediente.



## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
[correo@concellodabana.gal](mailto:correo@concellodabana.gal)  
[www.concellodabana.gal](http://www.concellodabana.gal)

Mándao e asínao o señor Alcalde, e ordena darlle traslado ó departamento correspondente para a súa incorporación ó expediente do que eu Secretaria, Paula Martis Torres, dou fe.

O alcalde, José Antonio Pereira Gil



## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
correo@concellodabana.gal  
www.concellodabana.gal

### **BASES REGULADORAS DO PROCESO DE ADMISIÓN DO SERVIZO DE CONCILIACIÓN A BAÑA MADRUGA PARA O CURSO 2025/2026.**

**Expte. TEDEC: 2025/S012/000004 (Convocatoria)**

#### **1. OBXECTO**

Estas normas teñen por obxecto regular o servizo “A Baña Madruga” para o curso 2025/2026 para as crianza escolarizadas no CPI San Vicente da Baña.

Preténdese dar unha alternativa ás familias que precisan unha conciliación por circunstancias laborais ou familiares durante as horas previas ao inicio diario das aulas.

#### **2. PERSOAS DESTINATARIAS**

Entenderase como persoas destinatarias do servizo aquelas familias que teñan aos seus fillos e fillas escolarizadas no CPI San Vicente da Baña durante o curso 2025/2026, con idades comprendidas entre os 3 e os 16 anos.

#### **3. ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN DO SERVIZO**

Este servizo será ofrecido dende setembro do 2025 ata xuño do 2026 (ambos incluídos), coincidindo co calendario escolar anual. Non se ofrecerá en períodos de vacacións escolares nin festivos locais, autonómicos e estatais.

O horario deste servizo comezará ás 7:30h ata a hora de comezo das clases. A tal efecto, a persoa encargada da execución do servizo realizará un control de asistencia diaria, que poderá ser revisada polo servizo municipal correspondente. En relación con isto último, de forma periódica e co fin dun control aleatorio, a Educadora Social do Concello da Baña estará capacitada para a realización de visitas das que poderá levantar acta de comprobación da realización do control de asistencia.

#### **4. INSCRICIÓNS:**

O prazo de presentación de instancias será de **sete (7) días naturais** a contar dende o día seguinte á publicación destas bases no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello.

As solicitudes presentaranse segundo os modelos normalizados, que deberán ser asinadas pola nai, pai, titor/a legal da nena ou neno e presentarse no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A admisión realizarase atendendo á orde de presentación de solicitudes, ata cubrir o número total de 15 prazas ofertadas. Considéranse admitidas todas as persoas que, cumprindo os requisitos, acheguen a documentación necesaria e aboan as taxas.



## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
correo@concellodabana.gal  
www.concellodabana.gal

Pasado o prazo de presentación de solicitudes, no caso de que continuasen quedando prazas sen cubrir, o proceso de inscrición quedará aberto durante o curso escolar, sendo necesaria a **presentación de instancias polo menos con 3 días de antelación ao uso do servizo.**

A baixa no servizo é libre e pódese presentar en calquera momento por escrito no rexistro xeral do Concello da Baña e dando aviso previo nas oficinas municipais encargadas de supervisar o servizo, segundo o establecido nesta na convocatoria.

### 5. DOCUMENTACIÓN:

Esta solicitude deberá vir acompañada da seguinte documentación:

- Anexo 1. Ficha de inscrición
- Anexo 2. Orde de domiciliación bancaria
- Anexo 3. Autorización de captación de imaxe e son
- Anexo 4. Autorización de consentimento para a inclusión en grupo de whatsapp
- Fotocopia do documento de identidade da persoa menor ou libro de familia
- Fotocopia do documento de identidade da persoa titular da conta bancaria.
- Informe médico que acredite calquera tipo de tratamento especial, de ser o caso.
- Libro de familia numerosa, se é o caso.

### 6. PREZOS PÚBLICOS:

As cotas serán aplicadas de acordo co determinado na correspondente ordenanza fiscal do ano 2019.

Os/as usuarios/as realizarán o pagamento do servizo de forma mensual. O cargo realizarase unha vez transcorrido o mes realmente impartido.

**O cobro será executado segundo a modalidade solicitada**, non procedendo o axuste de non asistir. No caso de elixir dous ou tres días fixos á semana cobrarase a parte proporcional do custo mensual.

De solicitar un servizo mensual que posteriormente non se vai usar é preciso informar da baixa do programa, polo menos con 3 días de antelación.

**A modalidade de días soltos queda definida como servizo de urxencia, non podendo superar os 5 días por curso.**

As familias numerosas debidamente acreditadas, terán unha bonificación dun 20%, segundo as cotas establecidas pola ordenanza.



## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
[correo@concellodabana.gal](mailto:correo@concellodabana.gal)  
[www.concellodabana.gal](http://www.concellodabana.gal)

| PAGAMENTO CON BASE NA ORDENANZA: A BAÑA MADRUGA |          |             |
|-------------------------------------------------|----------|-------------|
|                                                 | Mensual  | Días soltos |
| CPI SAN VICENTE                                 | 40 €/mes | 4€/día      |

### 7. INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS (RGPD 2016/679 y LOPDGDD 3/2018)

**RESPONSABLE DO TRATAMENTO:** CONCELLO DA BAÑA

**FINALIDADES DO TRATAMINTO:** A xestión da súa solicitude, dúbida ou consulta e a tramitación administrativa que no seu caso se poida derivar da mesma.

**LEXITIMACIÓN PARA O TRATAMENTO:** Consentimento da persoa interesada (artigo 6.1,a de o RGPD) e o exercicio de poderes públicos conferidos ao Responsable (artigo 6.1,e do RGPD).

**DESTINATARIOS DOS DATOS:** As Administracións Públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a xestión da súa solicitude.

**PLAZO DE CONSERVACIÓN:** Os datos proporcionados conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coas obrigacións legais do Responsable;

**EXERCICIO DE DEREITOS:** As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos, así como exercitar outros dereitos, a través da súa sede electrónica na sección de [Protección de Datos](#);

**CONTACTO DELEGADO DE PROTECCIÓN DE DATOS E INFORMACIÓN ADICIONAL:**  
[dpd@concellodabana.gal](mailto:dpd@concellodabana.gal)

### 8. DISPOSICIÓN FINAL.

Estas bases e cantos actos administrativos deriven das mesmas poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecidos pola LPACAP e a Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor o recurso potestativo de reposición, ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes que se contará desde o día seguinte ao da publicación deste acordo, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
[correo@concellodabana.gal](mailto:correo@concellodabana.gal)  
[www.concellodabana.gal](http://www.concellodabana.gal)

Poderase interpoñer o recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado ou Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade cos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses que se contará a partir do día seguinte ao da publicación deste acordo ou desde o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución do recurso potestativo de reposición ou en que este se deba entender desestimado.

Todo isto sen prexuízo do dereito dos interesados a formular calquera outro recurso que se considere pertinente.



## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
correo@concellodabana.gal  
www.concellodabana.gal

**ANEXO 1 - FICHA DE INSCRICIÓN NO SERVIZO A BAÑA MADRUGA CURSO 20**  **/20** .

### DATOS DO/DA PARTICIPANTE

Nome e apelidos

Data de nacemento

DNI

Centro académico

Enderezo

Teléfono fixo

Teléfono móbil

### ASISTENCIA

- ☐ Todos os días
- ☐ 1 día á semana
- ☐ 2 días á semana
- ☐ 3 días á semana

### ALERXIA OU INTOLERANCIAS:

A continuación poderá comentar calquer aspecto relacionado con posibles alerxias ou intolerancias:



## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
correo@concellodabana.gal  
www.concellodabana.gal

### AUTORIZACIÓN PARA MENORES:

D<sup>a</sup>/D.

con DNI  en calidade de nai/pai/titor/a do menor arriba indicado como participante, AUTORIZO á persoa menor arriba indicado/a a que participe no servizo A Baña Madruga no presente curso escolar e de acordo coas bases reguladoras da convocatoria.

Na Baña, a  de  de 20 .

Asdo.: .

### INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS (RGPD 2016/679 y LOPDGDD 3/2018)

**RESPONSABLE DO TRATAMENTO:** CONCELLO DA BAÑA

**FINALIDADES DO TRATAMINTO:** A xestión da súa solicitude, dúbida ou consulta e a tramitación administrativa que no seu caso se poida derivar da mesma.

**LEXITIMACIÓN PARA O TRATAMENTO:** Consentimento da persoa interesada (artigo 6.1,a de o RGPD) e o exercicio de poderes públicos conferidos ao Responsable (artigo 6.1,e do RGPD).

**DESTINATARIOS DOS DATOS:** As Administracións Públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a xestión da súa solicitude.

**PLAZO DE CONSERVACIÓN:** Os datos proporcionados conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coas obrigacións legais do Responsable;

**EXERCICIO DE DEREITOS:** As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos, así como exercitar outros dereitos, a través da súa sede electrónica na sección de [Protección de Datos](#);

**CONTACTO DELEGADO DE PROTECCIÓN DE DATOS E INFORMACIÓN ADICIONAL:**  
[dpd@concellodabana.gal](mailto:dpd@concellodabana.gal)



## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
correo@concellodabana.gal  
www.concellodabana.gal

### ANEXO 2 – ORDE DE DOMICILIACIÓN DE RECIBOS.

#### DATOS BANCARIOS DO TITULAR

|                                                                       |   |                      |   |                      |   |                      |   |                      |
|-----------------------------------------------------------------------|---|----------------------|---|----------------------|---|----------------------|---|----------------------|
| Conta de domiciliación: IBAN (número internacional de conta bancaria) |   |                      |   |                      |   |                      |   |                      |
| <input type="text"/>                                                  | - | <input type="text"/> | - | <input type="text"/> | - | <input type="text"/> | - | <input type="text"/> |

| Oficina              | Localidade           |
|----------------------|----------------------|
| <input type="text"/> | <input type="text"/> |

#### DATOS PERSOAIS DO/DA TITULAR DA CONTA

|                               |                      |                      |                      |
|-------------------------------|----------------------|----------------------|----------------------|
| Nome e apelidos /Razón social |                      |                      | DNI / CIF            |
| <input type="text"/>          |                      |                      | <input type="text"/> |
| Enderezo                      |                      |                      |                      |
| <input type="text"/>          |                      |                      |                      |
| Código postal                 | Municipio            | Provincia            | Teléfono             |
| <input type="text"/>          | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| Correo electrónico            |                      |                      |                      |
| <input type="text"/>          |                      |                      |                      |

#### USUARIOS/AS DA UNIDADE FAMILIAR E ACTIVIDADE NA QUE PARTICIPAN

Nome e apelidos usuario 1:

Actividade:

Nome e apelidos usuario 2:



## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
correo@concellodabana.gal  
www.concellodabana.gal

Actividade:

### AUTORIZACIÓN

Autorizo ó Concello da Baña para proceder ao cobro da taxa correspondente, no número de conta arriba indicado. En cumprimento coa normativa legal vixente sobre o tratamento de datos de carácter persoal, autorizo o Concello da Baña a que poida ceder a terceiros os datos de carácter persoal que sexan precisos para o cumprimento da presente orden de domiciliación de recibos.

Na Baña, a  de  de 20 .

Asdo.: .

### INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS (RGPD 2016/679 y LOPDGDD 3/2018)

**RESPONSABLE DO TRATAMENTO:** CONCELLO DA BAÑA

**FINALIDADES DO TRATAMINTO:** A xestión da súa solicitude, dúbida ou consulta e a tramitación administrativa que no seu caso se poida derivar da mesma.

**LEXITIMACIÓN PARA O TRATAMENTO:** Consentimento da persoa interesada (artigo 6.1,a de o RGPD) e o exercicio de poderes públicos conferidos ao Responsable (artigo 6.1,e do RGPD).

**DESTINATARIOS DOS DATOS:** As Administracións Públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a xestión da súa solicitude.

**PLAZO DE CONSERVACIÓN:** Os datos proporcionados conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coas obrigacións legais do Responsable;

**EXERCICIO DE DEREITOS:** As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos, así como exercitar outros dereitos, a través da súa sede electrónica na sección de [Protección de Datos](#);

**CONTACTO DELEGADO DE PROTECCIÓN DE DATOS E INFORMACIÓN ADICIONAL:**  
[dpd@concellodabana.gal](mailto:dpd@concellodabana.gal)



## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
correo@concellodabana.gal  
www.concellodabana.gal

### ANEXO 3 - AUTORIZACIÓN DE CAPTACIÓN DE IMAXE E SON PARA REPORTAXES DE PRENSA, RADIO, TELEVISIÓN, PÁXINA WEB, FACEBOOK DO CONCELLO

Dona/Don

con DNI

, participante e/ou pai, nai ou titor/a do/s menor/es :

na actividade que de seguido se determina:

En cumprimento do dereito á propia imaxe recollido no artigo 18 da Constitución e regulado pola Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil ao dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe; o Regulamento (UE) 2016/679 relativo á protección das persoas físicas, mediante o tratamento dos seus datos persoais e a súa libre circulación (RXPd) e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD),

#### AUTORIZA

ó Concello da Baña, con enderezo en Praza do Concello, 2, 15863 A Baña, A Coruña, e NIF P1500700H para que poida facer fotos e gravar imaxes e sons nas actividades que se realizan ó abeiro da convocatoria do Programa A Baña Madruga no presente curso, nas que apareza a persoa participante, ben individualmente ou estando en grupo.

As imaxes e os sons poderán difundirse a través de medios de comunicación audiovisual ou xornais ou pasar a formar parte do arquivo do Concello da Baña para utilizalas en campañas de promoción.

En todo momento serán respectados os dereitos do/a menor.

☐

**AUTORIZO.**

☐

**NON AUTORIZO.**

Na Baña, a

de

de 20

Asdo.:



## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
[correo@concellodabana.gal](mailto:correo@concellodabana.gal)  
[www.concellodabana.gal](http://www.concellodabana.gal)

### INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS (RGPD 2016/679 y LOPDGDD 3/2018)

**RESPONSABLE DO TRATAMENTO:** CONCELLO DA BAÑA

**FINALIDADES DO TRATAMINTO:** A xestión da súa solicitude, dúbida ou consulta e a tramitación administrativa que no seu caso se poida derivar da mesma.

**LEXITIMACIÓN PARA O TRATAMENTO:** Consentimento da persoa interesada (artigo 6.1,a de o RGPD) e o exercicio de poderes públicos conferidos ao Responsable (artigo 6.1,e do RGPD).

**DESTINATARIOS DOS DATOS:** As Administracións Públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a xestión da súa solicitude.

**PLAZO DE CONSERVACIÓN:** Os datos proporcionados conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coas obrigacións legais do Responsable;

**EXERCICIO DE DEREITOS:** As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos, así como exercitar outros dereitos, a través da súa sede electrónica na sección de [Protección de Datos](#);

**CONTACTO DELEGADO DE PROTECCIÓN DE DATOS E INFORMACIÓN ADICIONAL:**  
[dpd@concellodabana.gal](mailto:dpd@concellodabana.gal)



## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
correo@concellodabana.gal  
www.concellodabana.gal

### ANEXO 4 – AUTORIZACIÓN DE CONSENTIMIENTO PARA A INCLUSIÓN EN GRUPO DE WHATSAPP

En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 Xeral de Protección de Datos (RXPd) e da Lei Orgánica 3/2018, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD), solicitámoslle o seu consentimento para ser incluído/a nun grupo de WhatsApp que será xestionado polo persoal encargado do servizo A Baña Madruga.

#### FINALIDADE DO GRUPO DE WHATSAPP:

- Informar sobre cambios organizativos.
- Comunicar incidencias ou información sanitaria relevante.
- Compartir imaxes do servizo só das persoas menores cuxo consentimento se teña recollido previamente

Este grupo empregarase exclusivamente durante o desenvolvemento do servizo de conciliación e será pechado unha vez rematada a actividade do curso 2005/2026

#### CONSENTIMENTO

- ☐ **Autorizo** a inclusión do número de teléfono \_\_\_\_\_ no grupo de WhatsApp xestionado polo persoal encargado do servizo A Baña Madruga.
- ☐ **Non autorizo** a inclusión no grupo de WhatsApp e elixo recibir a información por outra vía:

Seleccione unha alternativa (se non autoriza o grupo de WhatsApp):

- ☐ Recibir comunicacións por correo electrónico a: \_\_\_\_\_
- ☐ Recibir mensaxes SMS ou WhatsApp individuais ao número: \_\_\_\_\_
- ☐ Non desexo recibir información rutinaria, só se me contactará en caso de urxencia.

#### INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS (RGPD 2016/679 y LOPDGDD 3/2018)

**RESPONSABLE DO TRATAMENTO:** CONCELLO DA BAÑA

**FINALIDADES DO TRATAMENTO:** A xestión da súa solicitude, dúbida ou consulta e a tramitación administrativa que no seu caso se poida derivar da mesma.

**LEXITIMACIÓN PARA O TRATAMENTO:** Consentimento da persoa interesada (artigo 6.1,a de o RGPD) e o exercicio de poderes públicos conferidos ao Responsable (artigo 6.1,e do RGPD).

**DESTINATARIOS DOS DATOS:** As Administracións Públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a xestión da súa solicitude.

**PLAZO DE CONSERVACIÓN:** Os datos proporcionados conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coas obrigacións legais do Responsable;



## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
[correo@concellodabana.gal](mailto:correo@concellodabana.gal)  
[www.concellodabana.gal](http://www.concellodabana.gal)

**EXERCICIO DE DEREITOS:** As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos, así como exercitar outros dereitos, a través da súa sede electrónica na sección de [Protección de Datos](#);

**CONTACTO DELEGADO DE PROTECCIÓN DE DATOS E INFORMACIÓN ADICIONAL:**  
[dpd@concellodabana.gal](mailto:dpd@concellodabana.gal)